recoñecer a variedade que a distingue, orgaizándose según os principios do bó federalismo. E para esa mudanza de réxime ningún povo sería tan firme como Galiza.

VI

Con esta xa van alá sete veces que paso por Rio de Xaneiro. Os monstros xeológicos que gardan a bahía son os mesmos de sempre, pero de cada vez que os vexo semellan outros. Tamén as ideias máis firmes toman o tinte das novas circunstancias. Fai un ano nada máis que pasei por eiquí, en direitura de Franza, para incorporarme ao goberno estraterritorial da República Hespañola, e agora retorno a Bos Aires, pol-o mesmo camiño, no mesmo trasatlántico e cangado coas mesmas ideias que levei; pero ¡qué distintas se me representan! Porque agora comprendo mellor que nunca o desinio suicida dos hespañoes e o falso liberalismo dos seus repúblicos. E hoxe non teño mellor luz que a que me ven do instinto galego.

A min paréceme que a futura política de Hespaña terá de sair de Galiza para que sexa salvadora, porque ben âs claras se ve que o orde imposto pol-a forza dende Madrid, sóio asegura unha paz preñada de tempestades, como sabemos que os privilexios económicos de calisquera povo de Hespaña non son mellores que a hexemonía política de Castela, cando se trata de acadar un orde supranacional. Díxose moitas veces que a paz nasce do orde; pero agora é corrente decir que a única fórmula san e duradeira da democracia é a que nasce d-unha paz lograda dende abaixo e pol-a virtude do federalismo. E como Galiza é un povo antigo eisento de egoísmos, con él terá de contarse para salvar a Hespaña. Porque todo se lle pode negar a Galiza, menos a sua cordura, o seu anceio autonómico ea súa vontade federalista.

Non falaremos da vida que levou a nosa Patria dende os Reis Católicos até a división provincial do 1833, pol-a que se suprimeu a "Xunta Suprema do Reino de Galiza", que viña cordinando a xestión adeministrativa das vellas provincias e simbolizando a unidade galega. Tampouco falaremos do rexurdimento iniciado no noso país pol-os seus grandes fillos do século XVIII: Sarmiento, Feixóo, Cornide, Cernadas e outros máis. Daremos de lado, inclusive, â laboura reconstrutiva dos

anos do *Fomento,* que provocou intres de verdadeiro galeguismo, cando, na guerra de Independencia, Galiza se sinteu libre e dona de sí. Falaremos somentes d-alguns feitos acaecidos a partir dos primeiros anos do século XIX, co que abondará para poñer de bulto a vontade autonomista e federal de Galiza, endexemáis adormecida. En 1808, durante a invasión napoleónica, firmouse na Cruña un tratado de Federación perdurable antre Galiza e Castela, como primeiro paso dun propósito máis ambicioso, concebido pol-a nosa Xunta Suprema. O Conde Toreno e Pi Margall recolleron o feito; pero ninguén d-eles dixo que n-aquela Federación entraban as provincias do Norte de Portugal e as de Oviedo e León, co que se pretendía restaurar a Galiza dos tempos románs, ampliándose dispois co ingreso vontario dos demáis povos de Hespaña, a medida que se fosen liberando dos franceses. Galiza, pois, concebeu e tiña a meio realizar a Federación dos povos peninsulares, moito antes de que en Hespaña apareceran os teóricos do federalismos, influídos por Proudhon. Ainda será ben lembrar o "Pacto galaico-asturiano", celebrado na Cruña con estraordinaria pompa, en 1869, de cuio alborozo quedou a "Rua do pacto Federal", que n-aquela cibdade se commemoraba. En moitisimas oportunidades se revelou en Galiza unha indicisión amorosa antre Castela e Portugal, sempre por motivos de diñidade ofendida. Pero a insufrible tiranía de Fernando VII produxo no noso país, xa non dúvida amorosa, senón o franco desexo de arredarse de Hespaña para ingresar en Portugal. N-un importante libro, escrito por Lord Carnarvon, en 1827, recóllese o feito de que os constitucionalistas galegos pedían a Deus que Galiza entrase canto antes en Portugal. "Os galegos —di Carnarvon— estaban desexosos de trocaren unha grande e antiga monarquía por outra máis pequena e comparativamente insiñificante", con tal de que poideran participar das ventaxas d-un réxime constitucional. Esta ideia botou raíces no ánimo galego e resucita en intres desesperados, cando en Portugal hai máis liberdade que en Hespaña.

No Boletín do 6º Corpo do Exército (Lugo, 1811) acusábase a eisistencia d-un *"cierto provincialismo"* galego, e non se pode negar o sentimento de nacionalidade que caraiterizou a renascencia literaria de Galiza, iniciada en 1837. Mentras Nicomedes Pastor Díaz descobría, co seu "esprito europeo", as maravillosas posibilidades do noso idioma, Neira Mosquera

atopaba o sentido hestórico da nosa vida. Así ocurreu que nas páxinas da revista *El Recreo Compostelano,* aparecida en 1842, xa se botaban as bases do rexionalismo galego, de tan convincente maneira, que, en 1843, fíxose posible que a *Xunta Central de Galiza,* reunida en Lugo, puxese a votación a procedencia de discutir *"si debía ou non este antigo Reino declararse independiente"*, cuia proposta, presentada por Faraldo, perdeuse por un sóio voto de diferencia. N-este feito revélase o esprito revolucionario e independentista dos galegos de 1843.

En 1845 empezou a publicarse en Compostela o periódico *El Porvenir,* "órgao da mocedade galega", románticamente liberal, no que os seus redatoires se doian de non poderen declarar en lingoaxe intelixible "a fórmula que ensine aos galegos todo o que necesitan coñecer", porque "hai frases que serían unha sentencia de morte para os seus autores". Tal era o silencio que o Goberno ditatorial de 1845 impoñía as tendencias liberaes e democráticas; pero ainda así, aqueles mozos arriscáronse a publicaren frases como éstas: "non queremos ser máis que galegos", engadindo que o esprito que os animaba era "o grito de Varsovia contra os rusos de Madrid".

O clima de hostilidade contra os gobernos centralistas dou lugar â revolución galega do 1846, considerada como a única de esencia rexional. No manifesto da Xunta Revolucionaria, escrito por Faraldo e publicado no periódico *La Revolución,* decíase que Galiza, ensumida no oprobio e convertida en colonia da corte madrileña, "vai erguerse da súa homillación e abatimento", rematando coas siguentes verbas: "Que a espada de Galiza faga inclinar unha soia vez a balanza en que se pesan os destiños de Hespaña." Ben sabido está que aquel movimento rexionalista fracasou por xunguirse a unha subversión militar (alentada por un príncipe da casa reinante) que acabou en traxedia cos fusilamentos de Carral.

Na primaveira do 1856, xa renascidas as espranzas galegas, dispois da fracasada revolución, celebrouse o famoso banquete de Conxo, no que os estudantes e artesáns de Sant-Iago se axuntaron e abrazados como representantes do traballo e a intelixencia, baixo as frondas d-unha carballeira cercada por soldados e policías. Alí nada ocurreu que xustificase o temor das autoridades; pero foi un dos aitos que maor recordo deixaron en Galiza. Tratábase, simplementes, de buscar na solidaridade de todal-as clases sociaes de Galiza o trunfo das ideias

que denantes se malograran pol-a trabucada táitica de fiar en pronunciamentos militares. No banquete de Conxo proclamouse de novo a unidade galega, e nada máis; pero nos brindis poéticos de Aguirre e Pondal brilou o anceio da liberdade e democracia que ainda hoxe alumea o galeguismo.

Xa no 1855 aparecera na Cruña *El Clamor de Galicia,* dirixido por Vicetto, en defensa da nosa persoalidade nacional e dos dereitos que naturalmente nos corresponden; pero semellante ourentación acadou un desenrolo compreto no periódico *El Miño,* fundado en Vigo no ano 1857 e inspirado por Murguía. Será ben anotar que da impresa d-este periódico sairon en 1863 os "Cantares Galegos", de Rosalía, que foron saudados dende Cataluña como un grito de guerra lanzado por Galiza contra Castela. Tamén compre rexistrar que as Hestorias de Murguía e Vicetto foron a base do nacionalismo galego, acusado como tal pol-o académico señor Sánchez Moguel en 1888. En fin: a "custión galega", dispois da "boa nova" de Faraldo, xa convertida por Vicetto e Murguía en ideal patriótico, reforzouse coa laboura dos irmáns La Iglesia, que fundaron a "revista universal d-este reino", *Galicia* (1860 a 1866), para aliar o inteleitual co político n-unha plea renascencia das nosas letras. E no ano 1861, por iniciativa do patricio López Cortón, celebráronse os primeiros *Xogos Froraes* de Galiza, que nos deixaron de recordo o *Album da Caridade,* nutrida antoloxía dos nosos poetas, en língoa galega e castelán. Compre lembar a revista *O Vello do Pico Sagro,* toda ela escrita en galego, que empezou a publicarse na Cruña en 1861, e *A Fuliada,* en 1881, coroándose todo este movimento galeguista coa fundación da "Real Academia Galega", e o seu Boletín, que ainda hoxe perduran dende o 1905.

O día 22 de xullo do 1873, a pouco de instaurarse a primeira República, foi celebrada en Sant-Iago, por convocatoria do seu Alcalde, unha Asambleia popular, na que se aprobou por aclamación o siguente acordo: "Unha vez pranteada en Hespaña a forma republicana federal de goberno, resolvemos exercer o dereito de iniciativa para orgaizar política e administrativamente o noso territorio." D-aquela xuntanza cuia aita firmaron quiñentos coarenta e cinco cibdadáns, xurdeu un Direitorio en constante aitividade, que lanzou un manifesto autonomista ao país galego, recollendo, en información pública, moitas e valiosas adhesións. Tan foi así, que non faltaron

cregos que secundasen o desexo de constituir un Estado galego dentro da Federación hespañola sumándose en calidade de simples cibdadáns, xa que como cregos estáballes prohibido adherirse a unha forma estatal divorciada da Eirexa. Debemos engadir que o Presidente da Asambleia e do Direitorio era Sánchez Villamarín, o autor d-un "Plan de Facenda cantonal para Galiza", trazado a raíz da revolución do 1868. Velahí un claro enxemplo de concencia política federalista, como non se veu en ningún outro povo de Hespaña.

Tamén realizou Galiza outra demostración única na hestoria política do oitocentos hespañol. Revélase no *Proieito de Constitución ou Pacto Fundamental para o futuro Estado Galego,* que precedu â Constitución Federal aprobada en Zaragoza, cuio proieito foi presentado pol-o "Consello Executivo da Rexión Galega" o día 24 de maio do 1883 e definitivamente discutido, votado e sancionado pol-a "Asambleia Federal do Territorio", reunida en Lugo o día 2 de xullo do 1887. O seu artigo segundo di así: "Esta Rexión eríxese en Estado Autónomo e Soberán, e adopta a forma democrática-republicana federal para o seu goberno... Así mesmo aspira â Confederación Ibérica, e dende logo contrae a obriga de coadxuvar incesantemente para recadar da Nación Portuguesa unha eterna alianza pactada sobor da base do mutuo consentimento e a vontade d-entrambos povos." Non estará de máis reproducir o telegrama que Pi Margall dirixíu aos asambleístas de Lugo: *"Galicia quiso ya durante la guerra con Francia establecer el sistema federal. Pláceme verla ahora ocupada en discutir su futura Constitución. Por el unitarismo van perdiendo todas las regiones su iniciativa, su personalidad y su vida; sólo por la federación cabe salvarlas; trabajemos todos por realizar esta última esperanza de los pueblos."*

Nin que decir ten que o Ministro galego Eduardo Chao foi un dos redaitores do proieito de Constitución Federal da República do 73, coidándoa necesaria para salvar e mellorar a vida económica e social de Galiza, e defendéndoa coa mesma exemplar decisión con que defendeu República (véxase a biografía de Chao, escrita por Curros Enríquez). Deixemos adiantado que tal precedente influíu no ánimo do Ministro galego da segunda República, Casares Quiroga, para que votase dende o "banco azul" a favor do sistema federal nas Cortes constituintes do 1931.

Tense dito moitas veces que o federalismo dou contido doutrinal ao sentimento da galeguidade; pero a ideia da libre unión dos homes e dos povos está no noso íntimo modo de ser. Lembremos que o libro de Brañas "El Regionalismo", impreso en 1889, foi o primeiro compendio doutrinal do autonomismo galego, cando nin Prat de la Riba nin Sabino de Arana Goiri deran a luz ningún escrito que hoxe se poida citar (según confesión de Cambó, Brañas influíu nas direitrices do movimento catalán). Así foi que cando Pi i Margall visitou Galiza, no outono do 1892, díxolle a Brañas que o seu rexionalismo galego aventaxaba ao federalismo hespañol en que de por sí xa era un sistema político. N-efeito, Brañas esclarecera, mellor que ningún líder federal, a tendencia independentista dos povos hispanos, sentando as bases xustas e posibeis d-un Estado armónico para toda Hespaña. Pero Brañas fixera algo máis que escribir un libro: fundara un periódico, *La Patria Gallega,* para difundir os ideaes autonomistas; pronunciara discursos e conferencias a eito, dentro e fora de Galiza; e no seu discurso universitario de apertura de curso (1892-93) concretara en dezaseis pontos todo un programa de goberno galego. E todo esto ocurría no mesmo ano en que Cataluña formulaba por primeira vez o seu programa concreto de reivindicacións, por meio das famosas Bases de Manresa.

En 1889 os galegos da Habana editaron *El Regionalismo Gallego,* de Murguía, no que quedou ben sentado que Galiza era unha lexítima nación, con dereito a vivir a súa vida en compreta liberdade. Como adhesión â valente doutrina de Murguia, saíu a luz, na mesma cibdade, un documento firmado por máis de mil douscentos emigrados, no que se acusaba ao Estado hespañol de ser un "orgaismo mostruoso", causante de que "os galegos non poidan vivir na súa terra". O lema dos galegos de Cuba era éste: "Sexamos rexionalistas e teremos Patria." Así se comprende que a bandeira azul e branca da nova Galiza ondease por primeira vez no Centro Galego da Habana e que alí se cantase tamén por primeira vez o himno que hoxe todolos galego escoitamos con reverencia.

O anceio político de liberación tomou novos rumbos a partir da "Liga Galega" do 1897, creada na Cruña para defensa de Galiza, con reglamento escrito en idioma autóctono; sigueu avante nas campañas de "Solidaridade", nas que se usou a nosa língoa como elemento de propaganda oral i escrita, tendo

como órgao a revista *Galicia Solidaria* (1908-1909), *Solidarismo Gallego* e *Solidaridade Gallega* (1908) e cuio "Catecismo", dirixido aos labregos, era unha incitación ao estabrecimento d-unha política esclusivamente nosa; afincouse con motivo das Asambleias agrarias de Monforte, do 1910, que abriron anchas luces no problema máis fondo de Galiza; axitouse coas prédicas de Basilio Alvarez, â cabeza de "Aición Galega". Pero se o provincialismo foi sustituido pol-o rexionalismo, gracias aos "precursores" e se a doutrina nacionalista foi xa esbozada por Brañas e Murguía, non hai dúvida de que foron as "Irmandades da Fala", iniciadas por Antón Vilar Ponte, en 1916, as que abriron o novo ciclo de reafirmación galega. As "Irmandades da Fala", a "Irmandade Nazonalista" e, por último, o "Partido Galeguista" (éste creado en 1931 como vangarda do galeguismo dentro da República), marcan as tres evolucións d-un mesmo movimento de liberación galega, que se caraiterizou pol-a súa efcacia, tanto no terreo da política coma no da cultura. Os galeguistas celebraron asambleias memorabeis: en Lugo (1918), Sant-Iago (1919, 1932, 1933, 1934 e 1935), Vigo (1920), Monforte (1921), A Cruña (1922 e 1930) e Pontevedra (1931). Ben se pode asegurar que nunca se coordinaron as varias ideoloxías os varios esforzos e as varias ambicións de Galiza até que apareceron os "galeguistas". E a proba da súa eficacia está no Estatuto presentado âs Cortes da República.

Co dito abonda para probar que a vocación autonomista e federal de Galiza ven de moi lonxe e de moi adentro. Cicais Cataluña se pronunciase con máis potente voz dende a súa gran Barcelona, rival de Madrid; pero ningún povo do Estado hespañol marcou con tanta claridade e tanta constancia os seus anceios políticos. O dualismo Galiza-Hespaña, dos séculos da Reconquista, non se borra doadamente, como non se borra o feito de ser a nosa Patria o berce lingoístico más importante da península. E coa súa milenaria esperencia permítese aconsellar a Hespaña e decirlle que leva o camiño torcido.

VII

O vento *pampeiro* funga nas cordas e fai ovellas no mar. O inverno entrou de súpeto no barco, eo pasaxe correu a cobrir